

MOVENEDA

Resumo dos seis primeiros meses lexislatura.

Percepcións dos membros da Corporación por asistencias a Plenos e Comisións

O que máis chama a atención é o **aumento dun 25%** as cuantías que se asignan por asistencias ás **comisións de delegados de área**, ás que só asisten os 9 membros do grupo do PSOE e pasando dos 240.200 € que nos custaron estas comisións nos anos 2015-19 ata a cantidade de 380.188 € polas 48 reunións que se van levar a cabo durante este novo mandato, e que **supón un incremento de 140.000 €** para estes próximos 4 anos.

Tamén se aumentan nun 7,5% as percepcións tanto para o Alcalde como para o resto de concelleir@s por asistencia a plenos, quedando establecidas en 310 € para o Alcalde e 129 € para cada un d@s concelleir@s.

A contía aproximada do custe do grupo de goberno, composta polas percepcións brutas do Alcalde e concelleiros do PSOE, así como a subvención do Concello ao grupo municipal sería:

	PSOE
Plenos (4):	5.368,00 €
Comis. Deleg. Area (25):	49.503,75 €
Subv. Grupo municipal:	3.240,00 €
TOTAL 2019:	58.111,75 €

O total aproximado do custe do funcionamento dos órganos de goberno do Concello, incluíndo as asignacións á oposición sería de **63.015,75 €**, é dicir, hai **unha diferenza de 4.904,00 €** que sería o custe dos grupos e concelleir@s da oposición.

Preguntas realizadas por MOVENEDA nos plenos realizados:

Pleno de setembro:

- Está recollido nunha Xunta de Goberno, dun proxecto transfronteirizo de intercambio de carbono que ten como obxectivo principal aumentar a eficiencia dos montes do espazo transfronterizo Galicia - Norte de Portugal na mitigación do cambio climático. Vaise facer algo ao respecto?
- Se vai adoptar algún acordo respecto dos coches estacionados no Murallón, que molestan a entrada e saída de vehículos das casas veciñas?
- Estanse limpando as sendas pola marxe da vía do tren ata o Puntal, e queremos saber de quen son os terreos por onde discorren ditas sendas.

Periodicidade Plenos e Comisións Informativas

Mantense a sesión do Pleno cada dous meses.

Comisións Informativas: **O goberno trata de impedir a participación da oposición na vida municipal** ao reducir o seu número e ao reducir á metade as súas convocatorias, pasando a ser cada 2 meses, en vez de mensuais como no anterior mandato. A realidade é que ata novembro só se levaron a cabo 2 de Economía e Facenda, cando deberían terse convocado 10 (sen contar as de asuntos do Pleno, previas á realización dos mesmos).

- Viaqua redactou unha memoria para mellorar a captación de auga, de que se trata?
- Renfe ten descoidada a maleza na estación, hai que obrígalos a limpar.
- Vaise facer o curso de coidadores homologados?
- E necesario intensificar as campañas de desratización en diversos lugares do municipio.
- Na piscina municipal están en mal estado algunhas taquillas, hai cerraduras rotas, é necesario arranxalo, e xa tiña que estar feito antes da tempada de verán.
- Solicitamos que se fagan as convocatorias de prazas vacantes no Concello, que é moi necesario, e ademais pensando en vindeiras xubilacións.
- Caeu unha árbore bastante grande no río Bellelle a altura do muiño de Alejandro e cando haxa riadas vaino arrastrar e facer un tapón que pode ocasionar inundacións.
- Cando vai empezar a funcionar o autobús ata o Putal?

Pleno de novembro:

Subvencións da Diputación para Obras e Sevizos (POS+ 2020):

- Votamos en contra. Por qué?
 - Se sigue destinando practicamente todo importe íntegro destas subvencións a asfaltados, sen establecer unha prioridade dos mesmos e sen ter en conta o resto de peticións tanto da veciñanza como do noso grupo.
 - Eliminación de barreiras arquitectónicas.
 - Amaño de aceras.
 - Instalación nos subarriros da pista de bicicletas e skate.

2. Cando se van empezar a convocar as comisións informativas? Vaise retomar o Regulamento de Participación Cidadán?
3. Vaise a continuar este ano coa creación da "área recreativa" de Ancos? Qué papel van xogar as asociacións Bétula e Adegá?
4. O Concello está a esixir a propietarios que teñen que ter as súas propiedades adaptadas ao regulado na lei de montes e lei de incendios de Galicia. Cando se van a realizar as labores de limpeza dos 34.000 m² que ten o Concello que incumpren esta normativa?
5. Comunicamos no pleno de setembro a caída dunha árbore ao río Belelle, máis ou menos á altura do transformador da Mourela Baixa, e se acaba de retirar agora en plena riada. Por qué non se fixo nada antes?
6. Houbo penalización para o cobro das axudas do programa de contratación de persoas perceptoras do RISGA por non ter a Planificación actualizada dos tempos de traballo?
7. O Concello é o titular da polideportiva do Puntal que está nun estado deplorable, cun aspecto de ruína, coa cuberta de uralita rota e sen portas nin fiestras. Non está o Concello obrigado a mantelo en condicións de seguridade e salubridade para evitar posibles accidentes de persoas que se acheguen ata estas instalacións tal e como se lle esixe algúns particulares con multas?
8. Tráfico: Recibimos queixas da sinalización que se fixo na zona de Nogueirido nos Pazos, co pintado dun STOP no camiño que sube desde a pista de San Isidro, coa dificultade que lle supón aos vehículos arrancar en costa. Igualmente na zona do cruce da igrexa de San Pedro de Anca hai que revisar a sinalización porque hai unha sinal de STOP que se contradí coa nova que se puxo. Colocación dun espello para mellorar a visibilidade na saída do cruce da esquina do almacén de froitas cos que soben polo camiño do Murallón
9. Naturgy, que é a suministradora coa que ten o Concello a maioría dos contratos, vai eliminar o servizo de atención en galego despedindo a 400 persoas. Solicitamos que se rescindan os contratos con esta compañía e se cumpla o acordado na moción presentada por MOVENEDA para o cambio dos contratos eléctricos para cooperativas de indole social.

CONTAS MOVENEDA

Ingresos

Grupo Municipal:

DATA	CONCEPTO	IMPORTE	DESCRIPCIÓN
01/10/2019	SUBVENCIÓN 3º TRIM 2019.	369,00 €	
28/12/2019	SUBVENCIÓN 4º TRIM 2019.	435,00 €	
	SUBTOTAL 2019:	804,00 €	

Ingresos:


Juan Carlos Pita:

30/07/2019	ASISTENCIAS XULLO	181,58 €	2 plenos
01/10/2019	ASISTENCIAS SETEMBRO	36,32 €	1 comisión
30/10/2019	ASISTENCIAS OUTUBRO	227,73 €	2 pl + 1 com
29/11/2019	ASISTENCIAS NOVEMBRO	178,62 €	1 pl + 2 com
28/12/2019	ASISTENCIAS DECEMBRO	36,32 €	1 comisión
	SUBTOTAL 2019:	660,57 €	
	TOTAL 2019:	1,464.57 €	


Contacto

Se queres colaborar con MOVENEDA ou poñerte en contacto con nós para outros asuntos, podes facelo por calquera dos medios indicados a continuación.

 <https://www.facebook.com/moveneda>

 634 52 16 22

 moveneda@gmail.com

 Buzón MOVENEDA, Concello de Neda
Av. de Algeciras, 34 CP: 15510 Neda, A Coruña